



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte.296 /1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9 DE MARZO DE 2018.

- 1.- Acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de febreiro de 2018.

#### ADMÓN. TRIBUTOS

- 2.- Proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Bens Inmóveis.Expte. 2461/500.

#### ASESORÍA XURÍDICA

- 3.- Dar conta da relación de Sentenzas e outras Resolucións xudiciais (Relación 2/2018). Expte. 11297/111.

#### BENESTAR SOCIAL

- 4.- Revisión do IPC do contrato do Servizo de Intervención familiar do Concello de Vigo. Expte. 149478/301.
- 5.- Proxecto de convenio de colaboración coa "Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado» - AFAN para a atención inmediata das necesidades básicas de persoas e familias en estado de necesidade. Expte. 150569/301.

#### CONTRATACIÓN

- 6.- Dar conta da resolución do Tribunal Central de Recursos Contractuais que desestima o recurso presentado contra o acto da Mesa de Contratación, de 14/11/17, en relación co contrato de "concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros". Expte. 90514/210.
- 7.- Proposta de adxudicación da contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales. Expte. 4925/440.

#### EMPREGO

- 8.- Aceptación da renuncia á axuda concedida no Programa Axudas Municipais á creación de empresas 2017 pola empresa Martinesa Alimentación S.L. Expte. 13824/77.

- 9.- Proposta de revogación de axuda concedida á empresa *EIMSKIP LOGISTICS SPAIN SL* ao abeiro das Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade Viguesa. Expte. 13823/77.

#### PARQUES E XARDÍNS

- 10.- Proposta de aprobación do proxecto de “Construción da pista de parkour no parque de Navia”. Expte. 9982/446.

#### PATRIMONIO

- 11.- Solicitud de prórroga da concesión administrativa para a ocupación de terreos na zona marítima terrestre da ría de Vigo (Complexo Deportivo de Samil) Expte. 20060/240.

#### SERVIZO AREA DE CULTURA

- 12.- Continuidade dos contratos de arrendamento, servizos e subministracións outorgados por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. para a explotación do Auditorio Pazo de Congreso de Vigo e zonas complementarias, tras a resolución do contrato de concesión. Expte. 1750/330.
- 13.- Transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación MARCO para o funcionamento durante o exercicio 2018. Expte. 2109/341.
- 14.- Subvención nominativa, mediante convenio de colaboración con Cine Club Lumière, para a organización da programación de cine en versión orixinal para o exercicio 2018. Expte. 1698/330.
- 15.- Dar conta da relación de contratos menores tramitados no Servizo de Museos no mes de xaneiro de 2018. Expte. 2112/341.

#### SERVIZOS XERAIS

- 16.- Proposta de autorizar o inicio do expediente de modificación do contrato de subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo. Expte. 40873/444.

#### TESOURERÍA

- 17.- Dar conta da instrución sobre “operacións e xustificación de subvencións do exercicio orzamentario 2018”. Expte. 52/142.
- 18.- Dar conta da Resolución do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda pola que se aproba o “Plan de disposición de fondos da Tesourería do Excmo. Concello de Vigo”. Expte. 19477/541.



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte.296 /1102

### URBANISMO

- 19.- Renovación de cargos e modificación do domicilio social da Xunta de Compensación do Polígono 3 do "PERI IV 01 SAN ROQUE A". Expte 5202/401
- 20.- Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **9 de marzo de 2018, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez